

SMARTCARDIA: Plataforma intelixente e predictiva de soporte á xestión clínica do proceso de rehabilitación cardíaca



Descrición

O proxecto SMART CARDIA propón o desenvolvemento dunha plataforma intelixente, predictiva e de fácil usabilidade que xestione de forma integral e áxil o proceso de rehabilitación cardíaca e de prevención secundaria cardiovascular.

O uso desta plataforma mellorará o estado dos pacientes ao favorecer o seguimento dos plans de saúde e predicir o beneficio que devanditos plans poden ter, á vez que facilitará aos profesionais sanitarios o seu traballo, ao dotalos de ferramentas que permitirán unha interacción intelixente cos pacientes e co propio proceso de rehabilitación cardíaca.

Obxectivos

Os obxectivos específicos do proxecto son os seguintes:

- Diseñar e implantar o proceso de rehabilitación cardíaca baixo o soporte dunha plataforma de servizos baseada en fluxos de traballo clínicos.
- Xestionar de forma intelixente o coñecemento médico necesario na toma de decisións ligadas ao proceso de rehabilitación cardíaca.
- Proporcionar interfaces gráficas avanzadas e adaptadas ao perfil dos diferentes tipos de profesionais sanitarios que participan no proceso de rehabilitación cardíaca.
- Mellorar a adherencia dos pacientes ao proceso de rehabilitación cardíaca co fin de reducir o índice de abandono dos pacientes.

Subproxecto con Balidea: Plataforma para a xestión intelixente do proceso

O equipo do CiTIUS colaborará no desenvolvemento dunha plataforma software para a xestión intelixente do proceso de rehabilitación cardíaca. Para iso, partirase da plataforma preexistente PROCARDIA, unha solución tecnolóxica baseada nunha arquitectura orientada a servizos que fai uso de fluxos de traballo dinámicos para implementar o modelo de control do proceso de rehabilitación cardíaca.

Sobre esta plataforma incorporaranse melloras relacionadas coa xeración automática de informes orientados aos diferentes perfís de usuarios que interveñen o proceso de rehabilitación cardíaca.

Subproxecto con Imagames Gamification Services S.L.: Adherencia do programa de rehabilitación cardíaca

O equipo do CiTIUS traballará na predición do grao de beneficio que teñen os programas de rehabilitación cardíaca no estado

cardiovascular dos pacientes e en que medida os xogos facilitarán a adherencia dos doentes aos programas de rehabilitación cardíaca.

INVESTIGADORES

Subproxecto con Balidea: Plataforma para a xestión intelixente do proceso

Investigadores Principais

Alberto Bugarín Diz
Manuel Lama Penín

Investigadores do CiTIUS

Alejandro Ramos Soto
José María Alonso Moral

Subproxecto con Imagames Gamification Services S.L.: Adherencia do programa de rehabilitación cardíaca

Investigador principal

Manuel Lama Penín

Investigadores do CiTIUS

Juan Carlos Vidal Aguiar

DETALLES

Data de execución:

01/10/2018 - 30/09/2020

Consortio

Balidea (*líder*)
Imagames Gamification Services S.L.
Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS)
SM tecnología SLU
CiTIUS

PROGRAMAS CIENTÍFICOS

Aprendizaxe automática